


# Surrealismo “ma non troppo”

VICENTE ARAGUAS

**DOMINIO PÚBLICO**

RAMÓN NETO

VIII Premio de Poesía Erótica  
“Illas Sisargas”

**A** cousa é que o Premio de Poesía Erótica “Illas Sisargas” segue a tirar material de moito proveito. De feito raro é o título por este certame galardonado que non me teña posto feliz, por non dicir, alebrestado. E iso non soamente pola calidade intrínseca dos libros premiados por Caldeirón e o Concello de Malpica, mais tamén pola variedade temática e formal que estes presentan. Ou sexa, que o erotismo lonxe de ser aburrido pode –e debe– ser mostrario de conductas, posición, argumentos e, sobre todo, maneiras de querer. E de querer ser. Así as cousas enarbolo diante miña o VII Premio “Illas Sisargas”, que tampouco é que sexan unhas illas altamente exuberantes (hainas máis inhóspitas, o verán pasado estiven na de Lobos, Fuerteventura, e –honestamente– poucos lugares vin menos axeitados para a práctica erótica, por ermos e antihospitalarios). Un premio, en fin, que me ten provocado momentos moi xeitosos.

E é que *Dominio público* (Caldeirón, Malpica, 2014) é un libro moi competente. De poesía, por suposto, mais tamén desde a súa condición de manual de autoaxuda eroti-

“Pola contra estimo, e moito, o distanciamento deste autor, moito máis do permisible nun autor lírico, deixando que este adopte unha certa coiraza épica. O que non deixa de prestarlle a unha poética que fai...”

ca, que isto, e non outra cousa, son –ou deberan– os volumes que nos enguedellan polos camiños do Eros.

Dito isto, igual o que está de máis no libro de Neto é un certo exceso culturalista, que ás veces desenfoca o obxectivo, impedindo que as árbores permitan ver o bosco.

Pola contra estimo, e moito, o distanciamento deste autor, cando se inmiscúe nos seus poemas, moito máis do permisible nun autor lírico, deixando que este adopte unha certa coiraza épica. O que non deixa de

prestarlle a unha poética que fai do ti e máis eu un nós declarado (e aínda descarado e, naturalmente, afourado).

Acontece que sendo como é Ramón Neto un autor posmoderno, o seu é fuxir de achegamentos excesivos á intimidade lectora, deixando que sexa este o que tome a palabra (a sensación, o sentimento) desde unha totalidade chea de elegancia leve e dunhas maneiras léxicas decididamente exquisitas.

Por veces arraianas no surrealismo, e por iso ese poema (podería poñer outros exemplos, mais aquí é que cadra todo) que se chama *Ao sur da fronteira lingüística*, onde atopamos esa estratexia surreal “ma non troppo”, á que fai alusión Eli Ríos nun prólogo que non está mal se non fose porque ten un exceso de locimento (tamén de locidez, mais esta nunca ven de máis) e culturalismo a moreas.

Resumindo; estamos diante dun libro inteleixente e necesario, no que o erotismo de batalla, poema *A catro patas*, non atranca o máis conceptual, nun tratado erótico (ou de autoaxuda) no que imos levado pola corrente (alterna) dun autor que non anda con brincadeiras. A gañar xa un posto na poesía galega actual.